



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 5

V lexislatura

5 de decembro de 1997

SUMARIO

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

2.1. INVESTIDURA

- Resolución do Parlamento de Galicia relativa á investidura como presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Fraga Iribarne. 39

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.3. PREGUNTAS

4.3.2. PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o novo edificio dos xulgados sito na Parda, en Pontevedra (núm. 317. Comisión 1.^a). 40
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Francisco Trigo Durán, D. Xosé Henrique Rodríguez Peña e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado real da promesa da autoestrada Santiago de Compostela-Dozón (núm. 287. Comisión 2.^a). 40

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal e tres deputados máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solución de problemas e a preocupación existente na Xunta de Galicia polo remate e a apertura da estrada N-540 entre Ourense e Lugo (núm. 289. Comisión 2.^a). 41

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as inundacións producidas no sur de Pontevedra, Gondomar e Vigo (núm. 290. Comisión 2.^a). 42

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación das obras da variante do Carballiño (Ourense), no seu tramo Partovia-Cea (núm. 306. Comisión 2.^a). 43

- Pregunta oral en Comisión formulada por D.^a María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición da Xunta de Galicia no anunciado Plan de reforma das

SUMARIO

- humanidades do Ministerio de Educación e Ciencia (núm. 270. Comisión 4.^a). 44
- Pregunta oral en Comisión formulada por D.^a María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a anunciada liberalización do prezo do libro de texto (núm. 271. Comisión 4.^a). 44
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a comparecencia pública feita polo Sr. conselleiro da Presidencia e Administración Pública a noite do día 19 de outubro (núm. 285. Comisión 4.^a). 45
- Pregunta oral en Comisión formulada por D.^a María Olaia Fernández Davila e D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o Hospital Psiquiátrico do Rebullón (núm. 273. Comisión 5.^a). 46
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da supresión polo Servicio Galego de Saúde do Servicio de Rehabilitación a Domicilio na área sanitaria sur de Pontevedra, a alternativa ofrecida e as medidas sociosanitarias aplicadas pola Consellería de Sanidade e Servicios Sociais (núm. 304. Comisión 5.^a). 47
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a impartición do curso de formación profesional titulado “soldador de semiautomática MAG” aprobado pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude para o concello de Mos (núm. 307. Comisión 5.^a). 47
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o Hospital Provincial de Pontevedra (núm. 318. Comisión 5.^a). 48
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal e D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adxudicación dos proxectos incluídos nos Proder (Programas de desenvolvemento e diversificación económica de zonas rurais) (núm. 291. Comisión 7.^a). 49
- ### 4.3.3. PREGUNTAS POR ESCRITO
- Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os convenios asinados con cargo á transferencia de crédito do programa denominado “Imprevistos e funcións non clasificadas” con destino a “Convenios” (núm. 297). 50
- Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns e o destino dos fondos da transferencia de crédito do programa denominado “Imprevistos e funcións non clasificadas” con destino a “Adquisición de accións” (núm. 298). 51
- Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns e o destino dos fondos da transferencia de crédito do programa denominado “Imprevistos e funcións non clasificadas” con destino a “Publicacións en lingua galega” (núm. 299). 51
- Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns e o destino da transferencia de crédito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destinada a “Convenios coas universidades” (núm. 300). 51
- Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á provisión de material farmacéutico no complexo hospitalario universitario de Santiago (núm. 305). 52

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

2.1. INVESTIDURA

Resolución do Parlamento de Galicia relativa á investidura como presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Fraga Iribarne.

Presidencia

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión de investidura celebrada o día 3 de decembro de 1997, de acordo co disposto nos artigos 15.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, 17 e seguintes da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e 136 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, acordou, por maioría absoluta en primeira votación (42 votos a favor, 33 en contra e ningua abstención), investir presidente da Xunta de Galicia a D. Manuel Fraga Iribarne.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 1997

José María García Leira
Presidente

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.3. PREGUNTAS

4.3.2. PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

Preguntas orais en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 27 de novembro de 1997, admitiu a trámite e cualificou como preguntas orais, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

- De D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o novo edificio dos xulgados sito na Parda, en Pontevedra (número 317).

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:

- De D. Francisco Trigo Durán, D. Xosé Henrique Rodríguez Peña e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado real da promesa da autoestrada Santiago de Compostela-Dozón (número 287).

- De D. Alfredo Suárez Canal e tres deputados máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solución de problemas e a preocupación existente na Xunta de Galicia polo remate e a apertura da estrada N-540 entre Ourense e Lugo (número 289).

- De D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as inundacións producidas no sur de Pontevedra, Gondomar e Vigo (número 290).

- De D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación das obras da variante do Carballiño (Ourense), no seu tramo Partovia-Cea (número 306).

Comisión 4.^a, Educación e Cultura:

- De D.^a María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición da Xunta de Galicia no anunciado Plan de reforma das humanidades do Ministerio de Educación e Ciencia (número 270).

- De D.^a María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a anunciada liberalización do prezo do libro de texto (número 271).

- De D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a comparecencia pública feita polo Sr. conselleiro da Presidencia e Administración Pública a noite do día 19 de outubro (número 285).

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego:

- De D.^a María Olaia Fernández Davila e D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o Hospital Psiquiátrico do Rebullón (número 273).

- De D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da supresión polo Servizo Galego de Saúde do Servizo de Rehabilitación a Domicilio na área sanitaria sur de Pontevedra, a alternativa ofrecida e as medidas socio-sanitarias aplicadas pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais (núm. 304).

- De D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a impartición do curso de formación profesional titulado “soldador de semiautomática MAG” aprobado pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude para o concello de Mos (núm. 307).

- De D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o Hospital Provincial de Pontevedra (núm. 318).

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes:

- De D. Alfredo Suárez Canal e D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adxudicación dos proxectos incluídos nos Proder (Programas de desenvolvemento e diversificación económica de zonas rurais) (núm. 291).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 1997

Celso Delgado Arce
Vicepresidente 1.º

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o novo edificio dos xulgados sito na Parda, en Pontevedra (núm. 317. Comisión 1.º).

Á Mesa do Parlamento

María Salomé Álvarez Blanco, deputada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ó novo edificio dos xulgados sito na Parda, en Pontevedra.

Está a punto de remata-la construción do edificio dos xulgados sito na Parda, en Pontevedra, que en

principio debería servir para mellora-las condicións de traballo do persoal e para darlle un mellor servizo á cidadanía, facilitándolle a súa relación coa xustiza e acercando a administración ós administrados.

Sen embargo, e segundo denuncian nun escrito entregado na Consellería de Xustiza e asinado pola maioría do cadro de persoal dos xulgados de Pontevedra, o edificio presenta deficiencias na súa división interna e sería precisa a súa remodelación (que non afectaría a estrutura do edificio) para adecualo á función e ás necesidades do traballo.

Na actual división interna o acceso dos administrados debe pasar por numerosos filtros, que non só dificultan a relación entre administrados e administración, senón que atentan contra a intimidade do administrado e a privacidade das conversas e o labor dos avogados.

Por iso sería necesaria a individualización dos órganos xudiciais.

Así mesmo denuncian as restricións no emprego de servizos comúns e a falta de medios humanos e materiais que posibiliten unha mellora do servizo e de atención á cidadanía.

Por iso facémo-las seguintes preguntas:

¿É coñecedora a Consellería de Xustiza das deficiencias na división interna do edificio dos xulgados de Pontevedra, sito na Parda?

¿Pensa a consellería atende-la demanda dos traballadores e as traballadoras dos xulgados de Pontevedra sobre a división do edificio e a falta de medios humanos e materiais?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 1997

Asdo.: María Salomé Álvarez Blanco
Deputada do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Francisco Trigo Durán, D. Xosé Henrique Rodríguez Peña e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado real da promesa da autoestrada Santiago de Compostela-Dozón (núm. 287. Comisión 2.º).

Á Mesa do Parlamento

Francisco Trigo Durán, Xosé Henrique Rodríguez Peña e Alfredo Suárez Canal, deputados do Grupo

Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, con resposta oral en Comisión, sobre o estado real da promesa da autoestrada Santiago-Dozón.

Nos meses de febreiro, marzo e abril pasados foi obxecto de distintas iniciativas e aparicións públicas o tema da autoestrada Santiago-Dozón. A oposición cuestionou que mesmo o anuncio inicial fose unha autoestrada de peaxe e que se postergase *sine die* a continuación a Ourense. Para completa-la promesa publicitaria e ante a contestación social, cinco días despois anunciouse que xa había un compromiso financeiro dunha entidade de crédito para rematala ata Ourense. O Bloque Nacionalista Galego cuestionou que se optase por unha solución de peaxe e que todo era un compromiso publicitario sen soporte orzamentario.

A iniciativas formuladas no Parlamento o conselleiro contestou dicindo que en marzo-abril pasado estaría entregado o proxecto e que en setembro-outubro habería papeis que indicarian o inicio da obra.

Pasado un tempo prudencial sen que a estas alturas se producise ningunha noticia que evidencie que a promesa electoral era algo máis que iso, queremos formula-las seguintes preguntas:

¿En que situación está o pretendido proxecto de construción dunha vía de comunicación entre Santiago e Ourense?

¿Iniciouse algún trámite para o tramo Santiago-Dozón?

¿En que situación está o tramo Dozón-Ourense?

¿Concretouse en algo o anuncio publicitario dunha entidade de aforro para inicia-los trámites do tramo Dozón-Ourense?

¿Séguese pensando na solución con peaxe?

¿Existen prazos previstos para a execución das obras?

Santiago de Compostela, 19 de novembro do 1997

Asdo.: Francisco Trigo Durán
Xosé Henrique Rodríguez Peña

Alfredo Suárez Canal
Deputados do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal e tres deputados máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solución de problemas e a preocupación existente na Xunta de Galicia polo remate e a apertura da estrada N-540 entre Ourense e Lugo (núm. 289. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal, Xosé Henrique Rodríguez Peña, Emilio López Pérez e Francisco Trigo Durán, deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, con resposta oral en Comisión, sobre a solución a problemas e a preocupación existente na Xunta de Galicia polo remate e a apertura da estrada N-540 entre Ourense e Lugo.

A situación da estrada N-540 entre Ourense e Lugo, concretamente entre Ourense e Guntín, ten unha situación autenticamente pintoresca. Hai tramos (circunvalacións) que levan máis de medio ano rematados e que non se abren ó tráfico, supoñemos que por problemas e incapacidade para resolver cos veciños as situacións creadas polo novo trazado. Hai auténticas “trampas”, que levan anos sen resolverse, ó enlazar tramos novos da estrada con tramos estreitos da antiga, onde xa se teñen producido accidentes. Hai por fin tramos sen aborda-la súa realización que deixan esta estrada neses puntos como estaba hai máis de 20 anos, converténdose tamén en auténticas trampas. Son estes últimos os tramos que precisaban máis achega presupostaria e que de non abordarse deixarán a obra claramente inconclusa.

En definitiva, a realización deste tramo de estrada parece a “obra do Escorial”, iniciouse hai xa anos e non só non se sabe cando vai rematar senón se algun día estará plenamente en funcionamento. E que conste que estamos a falar da comunicación por estrada entre Ourense e Lugo e que non se trata da realización de ningunha autovía, senón da modernización da estrada actual, con algunhas circunvalacións, algún carril lento e a mellora do trazado.

Somos conscientes de que se trata dunha estrada competencia do Estado, pero entendemos que a situación producida nela require, cando menos, unha preocupación na Xunta de Galicia sobre a tardanza na súa execución e a perspectiva do seu remate. Cando pasa

tanto tempo e non se ven perspectivas de solución, o Executivo galego debe actuar. Así, queremos preguntar:

¿Ten conciencia a Xunta das causas do atraso producido na realización da mellora da estrada entre Ourense e Lugo?

¿Ten conciencia de cómo vai quedar ó remate esa mesma estrada?

¿Ten coñecemento e reclamou algunha explicación de por qué non se habilitan os tramos xa rematados dende hai meses?

¿Exteriorizou a Xunta algunha preocupación diante do Goberno central polos tramos que levan tempo co trazado antigo e que pola unión cos novos se converten en auténticas trampas para a seguridade vial?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 1997

Asdo.: Alfredo Suárez Canal
Xosé Henrique Rodríguez Peña
Francisco Trigo Durán
Emilio López Pérez
Deputados do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as inundacións producidas no sur de Pontevedra, Gondomar e Vigo (núm. 290. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

María Olaia Fernández Davila, deputada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ás inundacións producidas no sur de Pontevedra, Gondomar e Vigo.

O día 12 de novembro, sufríronse unha serie de inundacións no sur da provincia de Pontevedra, fundamentalmente na cidade de Vigo, nas zonas lindantes co río Lagares e no concello de Gondomar, tanto no centro da vila coma en lugares adxacentes.

En Galicia, concretamente no sur, a chuvia non é un fenómeno metereolóxico alleo, senón que estamos

perfectamente acostumbrados a convivir con el, polo tanto, non podemos achacar ás chuvias as inundacións acontecidas. As causas foron outras que desde o noso punto de vista teñen que ver con actitudes de negligencia da Administración, xa que logo, é unha responsabilidade que se fai preciso asumir.

A habitual falta de limpeza do río Lagares viuse agravada polos aterramentos dalgunhas obras que se están a efectuar preto do río, mesmo dos seus afluentes, tales como as obras da autoestrada na altura de Puxeiros ou as do gasoducto na zona de Beade, e que actuaron como diques que posibilitaron pequenas presas que ó romper fixeron posibles as trombas de auga que asolagaron veigas, casas, etc.

No caso de Gondomar as responsabilidades da Xunta de Galicia son aínda máis relevantes, xa que o día 21 de agosto foi comunicada polos concelleiros do BNG naquel municipio a situación de perigo que se estaba creando no río Zamáns debido precisamente ós aterramentos efectuados nas obras de construción da chamada “autoestrada do Val Miñor”, e solicitábase ó mesmo tempo a paralización das obras que se estaban a realizar nos leitos do río e un plan de recuperación das marxes do río Miñor, no que existen masas arbóreas desbastadas, aterramentos, entubamentos, obstaculización de pasos, etc. A Xunta, a pesar de ter recibido estes escritos no mes de setembro, non fixo absolutamente nada por evita-lo que mesmo puido ser unha traxedia, pois o centro desta vila foi practicamente asolagado coas consecuentes perdas económicas para moitos veciños.

As perdas económicas en Vigo, e sobre todo en Gondomar, son o suficientemente serias como para que a Administración galega teña que dar unha resposta así mesmo seria, e non simplemente propagandista como a do Sr. Cuíña entregándolle a unha veciña 300.000 pesetas, entrega que se fai, por suposto, coa presenza dos medios de comunicación.

Polo exposto, facémo-las seguintes preguntas:

¿Fixo a Xunta de Galicia algunha investigación respecto das causas que orixinaron as inundacións en Vigo e Gondomar o día 12 de novembro?

¿Que responsabilidades asume a Xunta de Galicia respecto dese feito?

¿Avaliou a Xunta de Galicia as repercusións económicas producidas polas inundacións do día 12 en Vigo e en Gondomar?

Se é así, ¿cal é a súa estimación?

¿Prevé a Xunta de Galicia algún tipo de indemnización para aquelas persoas ou empresas afectadas polas mencionadas inundacións?

¿Ten a Xunta prevista algunha actuación respecto da situación actual dos leitos dos ríos Miñor e Zamáns en Gondomar e do río Lagares en Vigo?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 1997

Asdo.: María Olaia Fernández Davila

Deputada do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación das obras da variante do Carballiño (Ourense), no seu tramo Partovia-Cea (núm. 306. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á situación das obras da variante do Carballiño (Ourense), no seu tramo Partovia-Cea.

Realizadas as obras da variante do Carballiño, no tramo Partovia-Cea, detectáronse diversas anomalías que deberían ser arranxadas antes de proceder á inauguración. En diversas ocasións, tanto os veciños coma o grupo de Goberno carballiñés amosaron a súa preocupación e, estando de acordo co interese social da obra, trasladáronlle ó delegado provincial da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas o que se entende como medidas correctoras previas ó remate final da obra, e así, con data 4 de outubro do ano en curso, enviouse escrito asinado por representantes das asociacións veciñais e representantes municipais no que se reclamaban as seguintes medidas:

1.- Realización de muros de contención en formigón armado das dúas casas coincidentes no paso elevado (non utiliza-lo método de hidrosementeira).

2.- Valado de protección fronte ás ditas casas.

3.- Derivación de pluviais que pasan baixo do cruzamento ata a caída natural na zona de Covelo.

4.- Canalización recta da auga da fonte de Partovia.

5.- Asfaltado da totalidade dos camiños laterais do mesmo xeito que están os de Santián e Fonteboa.

6.- Acceso en ramplas de terra ás propiedades limítrofes ós camiños laterais e deixar expeditos os antigos camiños de servidume.

7.- Compromiso por escrito da Consellería da realización da fonte da ponte de Lobios nun prazo de seis meses.

8.- Valados de protección nas pontes e camiños de servicio.

Coa chegada das primeiras choivas, producíronse desprendementos dos muros de contención en dúas ocasións, así como o encoramento de auga en determinadas zonas que, unido á terra desprendida, forma un barro que evidencia un potencial perigo para o tráfico rodado que parece de sentido común corrixir de inmediato, incidentes que avalan a pretensión de acomete-las anteditas medidas correctoras.

Toda vez que na actualidade aparentemente as obras están rematadas, o tráfico permanente desviado nese punto, e non se tivo ningunha contestación por parte da Delegación da CPTOPV en ningún sentido, e como queira que esta situación está xerando crecente malestar veciñal, por todo o antedito, formulo as seguintes preguntas:

1.- ¿Ten intención a CPTOPV de acomete-las medidas correctoras relacionadas?

2.- ¿Considera a CPTOPV que na actualidade as obras fican rematadas?

3.- ¿Cal é a situación actual da obra no tramo descrito, xa que continua desviado o tráfico?

4.- ¿Rematou a vinculación da CPTOPV coa empresa que executou as obras?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 1997

Asdo.: Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión formulada por D.^a María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición da Xunta de Galicia no anunciado Plan de reforma das humanidades do Ministerio de Educación e Ciencia (núm. 270. Comisión 4.^ª).

Á Mesa do Parlamento

A deputada María Pilar García Negro, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á posición da Xunta de Galicia no anunciado Plan de reforma das humanidades do Ministerio de Educación e Ciencia.

O anunciado Plan de reforma das humanidades do Ministerio de Educación e Ciencia suscitou un amplo rexeitamento, mesmo evidenciado en sesións do Congreso de Deputados. Por sobre a invasión de competencias que supón para as comunidades autónomas que as teñen estatutariamente definidas, o anunciado decreto invade a concepción de contidos e coñecementos que mesmamente necesitaban conexión estreita ós países diferenciados en que o ensino se realiza. É, por exemplo, visible a necesidade -expresada tamén academicamente, cientificamente- de revisar a fondo a chamada historia de España, en beneficio non de ningunha visión particularista, subxectivista ou “comenenciada”, senón en beneficio da verdade histórica documentada, das evidencias e do respecto ás características de cada pobo, de cada sociedade. Non atender esta demanda suporía converter, dogmáticamente, esa historia nunha especie de “historia sagrada” que, é de supor, ninguén aceptaría. O mesmo poderíamos dicir da lingua, da literatura ou doutras disciplinas humanísticas. Por todo isto, formulámo-la seguinte pregunta:

¿Cal foi a posición da Xunta de Galicia respecto do anunciado proxecto de decreto para a reforma do ensino das humanidades?

¿Que comunicación existiu entre o MEC e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria?

¿Cal é o respecto do dictame técnico-científico da Xunta de Galicia?

¿Que previsións ten a Xunta de Galicia para determinar contidos mínimos respecto da historia, a xeografía, a literatura... galegas no ensino obrigatorio?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1997

Asdo.: María Pilar García Negro

Deputada do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión formulada por D.^a María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a anunciada liberalización do prezo do libro de texto (núm. 271. Comisión 4.^ª).

Á Mesa do Parlamento

A deputada María Pilar García Negro, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á anunciada liberalización do prezo do libro de texto.

En anteriores lexislaturas, sinalamos xa o prexuízo que para o sector libreiro supuña a venda anticipada de libros de texto por parte de grandes superficies comerciais que ofrecían outros produtos, como rebaixa, a cambio da compra daqueles, posibilidade, obviamente, que non está ó alcance dos establecementos especializados na venda dos libros, as librerías.

O anuncio da liberalización do prezo dos libros de texto alarmou a editoriais e libreiros, por consideralo unha agresión directa á sobrevivencia do sector, que se vería gravemente danado por unha competencia -imposible de manter- coas grandes superficies comerciais, que serían, en definitiva, as que impuxesen a súa lei. Esta medida, a medio prazo, non determinaría o abaratamento do prezo do libro de texto, senón mesmo o seu aumento. Sorprende, en cambio, que non se teñan abordado outras medidas positivas que, sen suporen detrimento para editoriais e librerías, si implicarían abaratamento efectivo para os consumidores,

como, por exemplo, eliminación ou redución do IVE, medidas para asegura-la gratuidade do libro de texto -como peza da gratuidade proclamada do ensino obrigatorio-, abaratamento do prezo do libro subvencionado por institucións públicas, posibilidade de desgravación fiscal por compra de libros de texto, etc.

No mes de outubro pasado, a Xunta de Galicia expresou o seu apoio á Federación de Libreiros de Galicia e ás súas demandas. Por isto, formulámo-la seguinte pregunta:

¿Como se traduciu, e en que xestións, o apoio anunciado da Xunta de Galicia ó sector libreiro galego?

¿Que medidas pensa toma-la Xunta de Galicia para a defensa do mantemento e competencia en pé de igualdade das librerías galegas?

¿Existen previsións para, a través dalgunha medida, favorecer-lo abaratamento efectivo do prezo do libro?

¿Ten a Xunta de Galicia algunha previsión para facer efectiva a gratuidade do libro de texto?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1997

Asdo.: María Pilar García Negro
Deputada do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a comparecencia pública feita polo Sr. conselleiro da Presidencia e Administración Pública a noite do día 19 de outubro (núm. 285. Comisión 4.ª).

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, con resposta oral en Comisión, sobre a comparecencia pública feita polo conselleiro da Presidencia a noite do día 19 de outubro.

As comparecencias públicas do conselleiro da Presidencia o día 19 de outubro evidencian cá é a consideración que o idioma galego lles merece ós membros da Xunta de Galicia. Parece un auténtico

contrasentido que as comparecencias públicas do Sr. Dosíteo Rodríguez a noite electoral para comunicalos resultados do escrutinio se fixesen reiteradamente prescindindo do idioma galego. Convén lembrar que se trataba das eleccións ó Parlamento galego e que a comparecencia do Sr. conselleiro era en Galicia. Tamén convén lembrar que o Estatuto determina que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública.

Pois ben, nunha ocasión en que hai gran preocupación e atención dos medios públicos sobre o resultado das eleccións, o conselleiro da Presidencia *despáchase* toda a comunicación dos resultados sen utiliza-lo galego. ¿U-la potenciación do emprego do galego? ¿Que concepción se pode ter do idioma cando se prescinde del para comunica-los resultados das eleccións ó Parlamento galego?

Parece que o galego está ben como peza de museo e uso ornamental pero hai que apartalo da difusión pública frecuente e cando pode ter repercusións significativas o seu uso.

Realmente é difícil entender un comportamento tan pouco respectuoso co noso idioma por parte da Xunta de Galicia. E dicimos respectuoso porque simplemente cun pouco de respecto cara ó noso idioma e sen outras consideracións, isto levaría a que o portavoz da Administración que comunica os resultados das eleccións galegas debería facelo en galego.

Así, queremos formula-las seguintes preguntas:

¿Cales son as razóns que motivaron a non utilización do galego na comunicación pública dos resultados do escrutinio por parte do conselleiro da Presidencia?

¿Considera que esa actitude ten algo que ver coa potenciación do uso do galego?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 1997

Asdo.: Alfredo Suárez Canal
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión formulada por D.ª María Olaia Fernández Davila e D. Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, do G.P. do Bloque Nacionalista

Galego, sobre o Hospital Psiquiátrico do Rebullón (núm. 273. Comisión 5.ª).

Á Mesa do Parlamento

María Olaia Fernández Davila e Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, deputada e deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, con resposta oral en Comisión, relativa ó Hospital Psiquiátrico do Rebullón.

Despois do nomeamento do novo equipo directivo do Hospital Psiquiátrico do Rebullón, coincidente coa súa transferencia ó Sergas, comezáronse a observar deterioracións progresivas na calidade asistencial, motivada entre outras causas pola sobrecarga de traballo á que está sometido o cadro de persoal do centro. As unidades adaptadas para trinta camas funcionan con máis de corenta, as baixas por xubilación ou enfermidade deixáronse de cubrir e mesmo os traballadores e traballadoras teñen que estar localizados nos seus días libres.

Esta situación viuse agravada cando o pasado mes de maio a Xerencia do Hospital Psiquiátrico do Rebullón de Vigo comunicaba o desmantelamento, coa redución á metade do seu persoal, das unidades de saúde mental dependentes dese centro (Lavadores, Coia, Cangas...), deixando desatendido o labor que se viña realizando por parte destas unidades, como a orientación comunitaria en consultas ou as visitas domiciliarias.

A Dirección do centro manifestaba que a atención ós pacientes continuaría igual na área sanitaria, xa que desde o complexo hospitalario se complementarían os traballos das unidades de saúde mental. Dada a falta de persoal existente no centro, o manifestado pola Dirección do hospital é imposible de se cumprir, xa que no caso de que un profesional teña que efectuar algunha visita domiciliaria (só cuestións de urxencia) queda desatendida a actividade terapéutica que se precisa no hospital.

Polo descrito, cualificar de caótica a situación do hospital é acertado e consideramos responsable desta situación tanto á Xerencia do hospital coma ó Sergas, que están máis interesados na consecución de obxectivos economicistas que no ofrecemento de calidade

asistencial. Exemplo do que dicimos é o afán da Xerencia de reducir á metade o orzamento anual en principio previsto.

Toda esta situación contradí o disposto no Decreto 389/1994, no cal se recolle que as unidades de saúde mental comunitaria se instalarán en centros propios de asistencia especializada extrahospitalaria e alternativamente nos centros de atención primaria, tendo competencias imposibles de cumprir na situación actual, tales como a rehabilitación e integración comunitaria dos pacientes.

Támén é contradictorio co mencionado decreto, así como coa Lei xeral de sanidade -Lei 14/1986- e co Documento da Comisión Asesora de Saúde Mental, o mantemento provisional *sine die* dunha unidade de agudos no interior do hospital psiquiátrico, pois implica unha atención distinta da que se considera adecuada.

A incompetencia da Xerencia do hospital e do Sergas é manifesta. Non só non se trata de mellora-la situación e as deficiencias existentes, senón que se desmantela un servizo provocando o “caos”.

Polo mesmo, facémo-las seguintes preguntas:

¿Segue o Sergas negando a realidade existente no Hospital Psiquiátrico do Rebullón?

¿Fixo o Sergas algunha investigación respecto da situación existente no hospital?

¿Considera o Sergas adecuado o desmantelamento das unidades de saúde mental dependentes do Hospital Psiquiátrico do Rebullón?

¿Foi nalgún momento interrogado pola Xunta de Galicia o Decreto 389/1994 ou simplemente se obvia a súa existencia?

¿Ten previsto o Sergas resolve-la ilegalidade de mante-la Unidade de Agudos no interior do centro hospitalario do Rebullón?

¿Ten previsto o Sergas resolve-la dependencia que ten este hospital psiquiátrico do Hospital Provincial e que provoca graves problemas pola rixidez administrativa que provoca?

¿Ten previsto o Sergas incrementa-lo cadro de persoal do Hospital do Rebullón, xa que entre outras cousas as unidades adoptadas para trinta camas contan con corenta, ou as baixas por xubilación que non foron substituídas?

¿Ten previsto en definitiva o Sergas algunha actuación tendente a dar solución á situación creada no Hospital Psiquiátrico do Rebullón e ás unidades de saúde mental da área sanitaria de Vigo?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1997

Asdo.: María Olaia Fernández Davila

Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da supresión polo Servicio Galego de Saúde do Servicio de Rehabilitación a Domicilio na área sanitaria sur de Pontevedra, a alternativa ofrecida e as medidas sociosanitarias aplicadas pola Consellería de Sanidade e Servicios Sociais (núm. 304. Comisión 5.ª).

Á Mesa do Parlamento

María Olaia Fernández Davila, deputada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

No mes de setembro a dirección do Sergas da área sur de Pontevedra decidiu suspendérllle-lo servizo que viña ofrecendo de rehabilitación a domicilio a aquelas persoas que padecen un grao de minusvalidez que non aconsella o seu traslado.

Pola insuficiencia de fisioterapeutas nos centros propios, este servizo estaba sendo efectuado por unha clínica coa que o Sergas mantiña concerto económico e atendía aqueles pacientes ós que o seu médico lles prescribía tratamento de rehabilitación, fundamentalmente de mantemento.

Se ben as persoas afectadas por esta decisión viven nunhas condicións de minusvalidez que non fan previsible, ou xa está descartada, unha melloría, teñen o dereito, simplemente como seres humanos, a que se lles ofrezca a mellor calidade de vida posible. É evi-

dente que esta decisión da dirección do Sergas da área sanitaria sur de Pontevedra forma parte da política de redución de gasto que impuxo a Consellería de Sanidade, que parece que valora como boa xestión aquela que reduce o gasto e non a que o racionaliza e optimiza, e polo tanto ofrece calidade.

Polo descrito, facémo-las seguintes preguntas:

¿Cales son as razóns de que o Sergas suprimise o Servicio de Rehabilitación a Domicilio?

¿Cantas supresións máis de servizos vai face-lo Sergas na área sanitaria sur de Pontevedra nese afán irracional de reduci-lo gasto sanitario?

¿Que alternativa lles ofrece o Sergas a aquelas persoas imposibilitadas para saír dos seus domicilios e que ademais poden estar nesa situación durante moitísimos anos?

¿Cales son as medidas sociosanitarias das que tanto fala a Consellería de Sanidade e en que área sanitaria se aplican?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1997

Asdo.: María Olaia Fernández Davila

Deputada do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a impartición do curso de formación profesional titulado “soldador de semiautomática MAG” aprobado pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude para o concello de Mos (núm. 307. Comisión 5.ª).

Á Mesa do Parlamento

María Olaia Fernández Davila, deputada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Entre os cursos de formación ocupacional homologados aprobados para o concello de Mos pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude para o ano 1997 está o de 740 horas titulado “soldador de semiautomática MAG”. Este curso, que comezou no mes de maio e que remata o 4 de decembro, estariase impartindo no Centro de Formación Ocupacional de

Mos, e dicimos que se estaría impartindo porque na realidade a maioría dos alumnos levan semanas en función de prácticas en dous centros de traballo de diferentes empresas, acudindo o seu monitor esporadicamente polos centros de traballo devanditos. Pola contra, unha minoría dos alumnos seguen no centro de formación ocupacional, sendo atendidos tamén esporadicamente polo mesmo monitor e case compartindo outro curso con alumnos que parece van ser contratados en Holanda.

A razón das nosas preguntas débese a algunhas cuestións que non nos parecen aceptables nun curso destas características, por exemplo:

1.º.- Un curso que comeza con 13 alumnos e que na actualidade ten 11.

2.º.- Comeza a impartirse no centro de formación ocupacional e acaba disgregándose en diferentes centros.

3.º.- Que dous dos alumnos rematen o curso na metade deste coa súa correspondente homologación.

4.º.- Que na actualidade os alumnos que quedan non saben se se lles vai homologa-lo curso ou non, mesmo temos información de que non hai intención ou disposición a facelo.

5.º.- Que un monitor que se supón que está contratado para ensinar rigorosamente a alumnos, que por suposto descoñecen o oficio, actúe esporadicamente sen estar á disposición daqueles cando precisen da súa ensinanza e colaboración.

6.º.- Que desde hai semanas non teñen o material necesario para poder desenvolve-las prácticas e os traballos inherentes ó propio curso.

Por todas estas razóns, facémo-las seguintes preguntas:

¿É normal este número de alumnos para un curso orzado e aprobado por 7.781.100 pesetas?

¿Cal é a distribución e xustificación do gasto deste curso?

¿É normal que se imparta un curso de formación ocupacional disgregando os seus alumnos por diferentes centros?

¿É normal expedi-la homologación dun curso sen estar rematado?

¿Como é posible non ter claro se se lles vai face-la homologación ós alumnos que quedan cando xa foron algúns homologados? ¿Será que non foron debidamente formados?

¿Váiselles facer ou non a homologación do curso ós alumnos que o rematan?

¿É normal que un monitor actúe esporadicamente e non estea continuamente atento ás necesidades de formación dos alumnos?

¿Cales son as razóns da falta do material necesario para a impartición do curso?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1997

Asdo.: María Olaia Fernández Davila

Deputada do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o Hospital Provincial de Pontevedra (núm. 318. Comisión 5.ª).

Á Mesa do Parlamento

María Salomé Álvarez Blanco, deputada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ó Hospital Provincial de Pontevedra.

O Hospital Provincial de Pontevedra mantén dende o seu paso ó Sergas un clima de inestabilidade e conflictividade crecente debido á situación e ás condicións laborais nas que se atopan as traballadoras e os traballadores; situación que se agrava dende que se fixo cargo do centro a actual xerencia.

Dende hai máis de quince días os delegados sindicais das centrais CIG, CC.OO., CSIF e UGT manteñen un peche nas dependencias do mencionado centro e demandan diálogo e negociación para as súas rei-

vindicacións, relacionadas coa súa situación laboral, as condicións de traballo e as axudas sociais.

Entre as súas demandas está a inclusión nunha relación de postos de traballo (RPT), pois dende que deixaron de pertencer á Deputación Provincial e pasou o centro ó Sergas, non se atopan en ningún lado (non están en ningunha RPT).

Outro tipo de demandas van na mellora das condicións de traballo, que son cada vez peores:

- cadro de persoal deficitario, cada vez máis reducido,
- non se cobren as baixas,
- mobilidade continua no posto de traballo para evitar cubri-las baixas,
- masificación do centro,
- recortes nas prestacións e axudas sociais,
- falta de información e de diálogo,
- bloqueo do concurso de traslados ...

e que están provocando que o labor asistencial se desenvolva en condicións cada vez máis precarias, o que crea un clima laboral negativo e de *stres* que repercute no funcionamento do centro e leva consigo unha deterioración na calidade asistencial.

Todo isto contribúe á deterioración e ó desprestixio público sen que dende o Sergas e a Consellería de Sanidade se dese ningún paso para tratar de arranxa-la situación.

E por iso facémo-las seguintes preguntas:

¿É coñecedora a Consellería de Sanidade da situación de conflictividade que se está dando no Hospital Provincial de Pontevedra?

¿Ten previsto o Sergas a inclusión inmediata na RPT do cadro de persoal do Hospital Provincial de Pontevedra?

¿Vai media-la Consellería de Sanidade no conflito entre a Xerencia do Hospital de Pontevedra e os

traballadores e as traballadoras para buscar unha solución?

¿Cal teñen previsto a Consellería de Sanidade e o Sergas que sexa o futuro asistencial do Hospital Provincial de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 1997

Asdo.: María Salomé Álvarez Blanco
Deputada do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal e D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adxudicación dos proxectos incluídos nos Proder (Programas de desenvolvemento e diversificación económica de zonas rurais) (núm. 291. Comisión 7.º).

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal e Emilio López Pérez, deputados do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, con resposta oral en Comisión, sobre a adxudicación dos proxectos incluídos nos Proder (Programas de desenvolvemento e diversificación económica de zonas rurais).

No principio do verán pasado a Consellería de Agricultura deu a coñece-los proxectos que se beneficiarían do Programa de desenvolvemento e diversificación de zonas rurais (Proder). O resultado dos proxectos beneficiados e a ausencia de aclaración pública dos baremos utilizados para a adxudicación levantan moitas dúbidas sobre a posible utilización e instrumentalización partidaria dos fondos previstos no plan.

Sería interesante saber cáles foron os criterios e baremos utilizados pola consellería, así como saber qué tipo de proxectos foron os beneficiarios e cál será o resultado final previsto na modificación das condicións socioeconómicas das zonas subvencionadas. Resulta curioso, por exemplo, ver como concellos gobernados por alcaldes non do PP viron rexeitada a súa participación nos plans Leader, e unha vez que se producen as eleccións municipais e cambian as alcaldías pasando a ser do PP aparecen incluídos no plan Proder.

Pero o máis relevante é coñecer se se tivo en conta o obxectivo de frea-la desertización do campo, é dicir, contribuír a fixar poboación no contorno do rural e o rexuvenecemento dela, que debería ser un criterio presente á hora de utilizar estes recursos económicos. Parece un contrasentido que ante a perspectiva demográfica que ofrece o rural non se utilice como criterio prioritario á hora de decidi-los proxectos beneficiarios o feito de aproveita-las potencialidades endóxeas para fixar poboación no rural. Resulta, neste sentido, máis necesaria a aclaración dos criterios que levaron a consellería a escoller uns proxectos e rexeitar outros. Aparentemente parece que o criterio de afinidade política foi prioritario, excepto nos que non tiñan unha finalidade concreta, como os destinados á conservación de determinados ecosistemas.

En calquera caso, chama poderosamente a atención que non haxa ningunha xustificación pública que se basee en criterios socioeconómicos dos proxectos escollidos. Nunca se aclaran publicamente de xeito transparente os criterios escollidos que levan a beneficiar a uns e rexeitar a outros.

Así, queremos preguntar:

¿Cales foron os baremos utilizados para a selección dos proxectos Proder por parte da consellería?

¿Por que proxectos de concellos que se presentaron ó Leader con alcalde non do PP foron rexeitados e cando cambian de alcalde son incluídos no Proder?

¿Tívoise presente como obxectivo prioritario conseguir fixar poboación no rural aproveitando os recursos endóxeos?

¿Cales son as estimacións previstas neste sentido nos proxectos beneficiados?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 1997

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

Emilio López Pérez

Deputados do G.P. do BNG

4.3.3. PREGUNTAS POR ESCRITO

Preguntas por escrito formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 27 de novembro de 1997, admitiu a

trámite e cualificou como preguntas con resposta escrita os documentos que a seguir se relacionan:

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os convenios asinados con cargo á transferencia de crédito do programa denominado “Imprevistos e funcións non clasificadas” con destino a “Convenios” (núm. 297).

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns e o destino dos fondos da transferencia de crédito do programa denominado “Imprevistos e funcións non clasificadas” con destino a “Adquisición de accións” (núm. 298).

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns e o destino dos fondos da transferencia de crédito do programa denominado “Imprevistos e funcións non clasificadas” con destino a “Publicacións en lingua galega” (núm. 299).

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns e o destino da transferencia de crédito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destinada a “Convenios coas universidades” (núm. 300).

- De D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á provisión de material farmacéutico no complexo hospitalario universitario de Santiago (núm. 305).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 1997

Celso Delgado Arce

Vicepresidente 1.º

Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os convenios asinados con cargo á transferencia de crédito do programa denominado “Imprevistos e funcións non clasificadas” con destino a “Convenios” (núm. 297).

Á Mesa do Parlamento

Xesús Vega Buxán, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, pre-

senta a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Nas modificacións orzamentarias correspondentes ó mes de xaneiro de 1997 figura unha transferencia de crédito de 10 millóns de pesetas procedentes do programa “Imprevistos e funcións non clasificadas” e destinadas a “Convenios”.

Ante a rechamante circunstancia que supón utilizar unha transferencia desta natureza no primeiro mes de execución do orzamento para formalizar convenios por parte da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, resulta necesario demandar unha explicación precisa da devandita transferencia.

É por iso que preguntamos:

¿Que convenios foron asinados mediante os fondos transferidos?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1997

Asdo.: Xesús Vega Buxán

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns e o destino dos fondos da transferencia de crédito do programa denominado “Imprevistos e funcións non clasificadas” con destino a “Adquisición de accións” (núm. 298).

Á Mesa do Parlamento

Xesús Vega Buxán, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Nas modificacións orzamentarias correspondentes ó mes de xaneiro de 1997 figura unha transferencia de crédito por importe de 199.918.500 pesetas procedentes do programa “Imprevistos e funcións non clasificadas” e destinadas a “Adquisición de accións”.

Ante a carencia dunha información máis precisa sobre este movemento de fondos, queremos preguntar:

¿Que motivo explica esta transferencia?

¿Que accións foron adquiridas cos fondos transferidos?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1997

Asdo.: Xesús Vega Buxán

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns e o destino dos fondos da transferencia de crédito do programa denominado “Imprevistos e funcións non clasificadas” con destino a “Publicacións en lingua galega” (núm. 299).

Á Mesa do Parlamento

Xesús Vega Buxán, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Nas modificacións orzamentarias correspondentes ó mes de xaneiro de 1997 figura unha transferencia de crédito por un importe de 5.784.480 pesetas procedentes do programa “Imprevistos e funcións non clasificadas” e destinadas a “Publicacións en lingua galega”.

¿Por que se realizou esta transferencia no mes de xaneiro?

¿Que publicacións recibiron os fondos transferidos? ¿Por que?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1997

Asdo.: Xesús Vega Buxán

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns e o destino da transferencia de crédito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destinada a “Convenios coas universidades” (núm. 300).

Á Mesa do Parlamento

Xesús Vega Buxán, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, pre-

senta a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Nas modificacións orzamentarias correspondentes ó mes de xaneiro de 1997 figura unha transferencia de crédito na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por un importe de 707.003.000 pesetas destinada a “Convenios coas universidades”.

¿Que motivos explican esta transferencia?

¿Por que se realiza no mes de xaneiro?

¿Con que universidades se asinaron os convenios?

¿Cal foi o contido concreto deles?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1997

Asdo.: Xesús Vega Buxán

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos relativos á provisión de material farmacéutico no complexo hospitalario universitario de Santiago (núm. 305).

Á Mesa do Parlamento

María Olaia Fernández Davila, deputada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Co ánimo de face-lo control e o seguimento da utilización dos recursos públicos, queremos face-las seguintes preguntas sobre a provisión de material farmacéutico polo complexo hospitalario universitario de Santiago.

Preguntas:

¿Houbo algún cambio na provisión de medicamentos nos últimos exercicios no complexo hospitalario universitario de Santiago e en concreto no Hospital Xeral de Galicia? En caso afirmativo, ¿en que consistiron?

¿De quen depende a contratación dos produtos farmacéuticos relacionados coa nutrición, a oncoloxía e o tratamento da sida?

¿Faise a contratación por medio de concurso público?

¿Con que laboratorio se contrata a adquisición destes medicamentos?

¿A contratación deste tipo de medicamentos é centralizada para todo o complexo?

¿Participa algunha comisión no mecanismo de provisión de material farmacéutico ou faise de forma unipersonal?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1997

Asdo.: María Olaia Fernández Davila

Deputada do G.P. do BNG

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.1.1 LEIS
 - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
 - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
 - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
 - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
 - 3.1.2 OBXECCIÓNS
 - 3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN
 - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
 - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.5.1 MOCIÓNS
 - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
 - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
 - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
 - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
 - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
-

- 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
 - 4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
 - 4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS Ó VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS Ó CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
- 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
- 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
 - 7.3.3 CONVOCATORIAS
 - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
- 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
- 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS
POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2. Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3. Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4. Álvarez Yáñez, María Antonia	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
5. Barata Quintas, Daniel	(PP)
6. Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8. Caballero Álvarez, Abel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
9. Casares González, Juan Manuel	(PP)
10. Casares Mourinho, Xabier	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
11. Castro García, Roberto	(PP)
12. Conde Roa, Gerardo	(PP)
13. Cortegoso Fernández, Ramón	(PP)
14. Cortizo Nieto, Miguel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
15. Couceiro Méndez, Antonio	(PP)
16. Crespo Sabaris, Pablo	(PP)
17. Cuiña Crespo, José	(PP)
18. Currás Fernández, Celso	(PP)
19. Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
20. Delgado Arce, Celso	(PP)
21. Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
22. Domínguez Vaz, Miguel	(PP)
23. Durán Núñez, Alberto	(PP)
24. Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
25. Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
26. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
27. Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
28. Gago Álvarez, Castor	(PP)
29. García Campelo, María del Carmen	(PP)
30. García Leira, José María	(PP)
31. García Negro, María Pilar	(BNG)
32. González Ballesta, Justo José	(PP)
33. Guerreiro Carreiras, Anxo	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
34. Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
35. Hernández Cochón, José María	(PP)
36. Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
37. Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
38. López Besteiro, Manuela	(PP)
39. López Casas, Manuel	(PP)
40. López Outeiral, Manuel	(PP)
41. López Pérez, Emilio	(BNG)
42. Losada de Azpiazu, Javier	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
43. Louro Goyanes, Antón	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
44. Madarro González, María Elisa	(PP)
45. Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
46. Muñoz González, Joaquín	(PP)
47. Nogueira Román, Camilo	(BNG)
48. Orza Fernández, José Antonio	(PP)
49. Palmou Lorenzo, Jesús	(PP)
50. Pazos Varela, Xosé Manuel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
51. Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
52. Pensado Barbeira, Fernando	(PP)
53. Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
54. Pérez Varela, Jesús	(PP)
55. Pita Varela, Jaime	(PP)
56. Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
57. Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BNG)
58. Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
59. Rodríguez Pérez, Fernando Carlos	(PP)
60. Rodríguez Rodríguez, Dositeo	(PP)
61. Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62. Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
63. Salazar Bello, Isabel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
64. Santalices Vieira, Miguel	(PP)
65. Sineiro García, Francisco	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
66. Sotelo Villar, José Enrique	(PP)
67. Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
68. Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
69. Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
70. Trigo Durán, Francisco	(BNG)
71. Varela Pérez, Mauro	(PP)
72. Vega Buxán, Xesús	(BNG)
73. Veiga Pombo, Manuel	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
74. Vila Pérez, José Manuel	(PP)
75. Villarino Santiago, María Dolores	(PSdeG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. (981) 56 16 00.

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727
